

**ESTUDO e INCORPORACIÓN dunha
LINGUAXE NON SEXISTA na COMUNICACIÓN WEB do
CONCELLO de COVELO**

ÍNDICE:

Presentación.....	páx-3
Metodoloxía.....	páx-4
Datos Primarios: enquisa.....	páx-5
Datos Secundarios: estudo web e documentos de uso.....	páx-9
Conclusións e Propostas.....	páx-15
<i>ANEXO -1-capturas web.....</i>	<i>páx-16</i>
<i>ANEXO -2-documentos de uso.....</i>	<i>páx-35</i>

Este estudo responde á necesidade de incorporar o enfoque de xénero nos fluxos de información da web oficial do Concello de Covelo.

A utilización dunha linguaxe non sexista é un principio que ven reflectido en diversas normas e leis, das que compre destacar a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (BOE núm. 71, de 23 de marzo), na que se establece como criterio de actuación de todos os poderes públicos a utilización dunha linguaxe non sexista. Esta lei, no título II, sobre as políticas públicas para a igualdade, regula no artigo 14.11, como criterio xeral de actuación dos poderes públicos, “a implantación dunha linguaxe non sexista no ámbito administrativo e o seu fomento na totalidade das relacións sociais, culturais e artísticas”. Para aplicar o principio de igualdade de trato e de oportunidades na sociedade da información, no artigo 28.4 establécese que “nos proxectos do ámbito das tecnoloxías da información e da comunicación sufragados total ou parcialmente con diñeiro público, garantirase que a súa linguaxe e contidos non sexan sexistas”.

A linguaxe é o vehículo que nos permite comunicar os nosos pensamentos, vivencias, opinións e experiencias de vida. A linguaxe constrúe pensamento e o pensamento constrúe realidade. A través do proceso de comunicación crecemos como persoas, detectamos o que pensamos, definimos e redefinimos cal é nosa posición no mundo e conferimos posicións ás demais persoas. Comunicarnos permítenos crecer e madurar nunha constante interacción co medio.

Coiñecemos que a linguaxe é unha construción social, que xera e transmite convencións herdadas e reflicte unha realidade socialmente construída e en lóxica, sexista. A través da linguaxe apréndese o que se espera de cadaquén e o papel que debemos xogar no tecido social, de forma que a escrita e as imaxes transmiten pero tamén responden aos estereotipos e roles de xénero, en definitiva, aos mandatos de xénero.

Non obstante, a linguaxe ten a capacidade de nomear, de amosar outras realidades, de cambiar a orde das cousas, de mudar a visión androcentrista pola perspectiva de xénero e este é sempre o fin último do proceso de estudo e análise da comunicación dende a perspectiva de xénero: incorporar a perspectiva de xénero á análise da realidade.

Por metodoloxía enténdese a orde e procedementos que se utilizan para desenvolver unha actividade, actuación, conxunto de accións ou proceso. Desde a perspectiva do conxunto de secuencias nas que se organiza un proceso, o estudo que presentamos estruturouse en cinco fases:

1. Recollida de datos secundarios: estudo documental.
2. Recollida de datos primarios: enquisa.
3. Procesamento e análise da información.
4. Elaboración do estudo.

A **1º fase** responde ao estudo da linguaxe escrita utilizada na web oficial do concello de Covelo, co obxectivo de coñecer e situar o punto de partida. Para elo, utilizouse o mapa web e realizáronse máis de 150 capturas de pantalla, recollendo datos sobre: concello, servizos, pobo, actividades e Covelo coa *Igualdade*. Do mesmo modo, analizáronse 16 documentos utilizados pola cidadanía deste concello na súa relación coa administración local.

A **2º fase** consistiu na elaboración e administración ao persoal técnico e político do concello dunha enquisa anónima e voluntaria co obxecto de coñecer o seu coñecemento e actitude en relación coa linguaxe non sexista. Foi cumprimentada por 17 persoas.

Durante **3º fase** analizáronse os datos secundarios na procura de detectar a linguaxe empregada e elaborando propostas de mellora. Ao mesmo tempo envorcáronse e analízanse os datos recollidos a través da enquisa, trazando un perfil das persoas responsables da comunicación no concello de Covelo.

Toda esta información é estruturada e compilada durante a **4ª fase** co obxecto de achegar información sobre a comunicación do concello de Covelo desde una perspectiva de xénero.

DATOS PRIMARIOS: encuesta

Os datos primarios dan conta, de primeira man, da información obxecto de estudo, polo que è importante achegar información directa determinando que instrumento metodolóxico se vai utilizar. No caso deste estudio a elección metodolóxica viu definida polo interese en recoller información sobre a percepción e actitudes que o persoal técnico e político do Concello de Covelo ten sobre a comunicación inclusiva.

Os principios que rexeron a elaboración da encuesta foron: o anonimato, a voluntariedade e a sinxeleza. A información que tentou recoller esta encuesta foi a valoración da importancia da utilización dunha linguaxe non sexista, a identificación do uso da linguaxe sexista e os obstáculos para un uso inclusivo da comunicación.

É preciso sinalar que para elaborar a pregunta que determina a identificación dun uso da linguaxe non inclusivo analizamos os documentos de uso das persoas administradas, atopando de forma reiterada expresións nas que se utiliza o masculino como xenérico (*datos do interesado, datos do representado*).

O corpo do cuestionario constou de:

- 2 ítems identificativos (sexo e tramo de idade).
- 4 preguntas de resposta pechada (dicotómicas, escala de Likert e de múltiples opcións).
- 1 pregunta aberta dirixida a recoller achegas.


A encuesta foi autoadministrada (*Google forms*) a través do envío aos enderezos electrónicos do persoal técnico (12) e político do Concello (11). Recolléronse 13 respostas o que supón o 57% das enviadas, destas 9 (69% do total de encuestas enviadas) corresponderon a mulleres e 4 a homes (31% do total de encuestas enviadas).

Un dato de interese é que os homes aos que se lle enviaron encuestas foron, entre persoal técnico e político, 14. No caso das mulleres (a suma entre políticas e técnicas) 9. Neste universo específico, de persoal técnico e político do concello de Covelo (23), o 61% son homes e o 39% mulleres, pois ben do total de persoas que responderon á encuesta (13) o 69% son mulleres e o 31% homes, o que significa que 6 de cada 10 encuestas foron entregadas a homes e só 3 de cada 10 encuestas foron contestadas por varóns.

A continuación analizaremos os datos máis salientables contidos no cuestionario:


- En relación aos **tramos de idade** o 62% das persoas encuestadas teñen máis de 41 anos e menos de 55. Analizando este dato segundo a variable sexo 67% corresponden ao universo de mulleres e o 50% aos homes.

- A primeira pregunta que busca información sobre a posición das persoas entrevistadas en relación á linguaxe non sexista é: *A linguaxe inclusiva é aquela “exenta de sexismo tanto no material escrito como nas imaxes”.* Desde este punto de vista pensas que é importante a utilización dunha linguaxe inclusiva no teu desempeño profesional ? Os datos recollidos son os seguintes:




O 77% das persoas enquisadas valoran a utilización da linguaxe inclusiva como moi importante.

- A segunda pregunta tenta achegar información sobre a utilización desta linguaxe: *Na área na que traballas, en que medida observas que se utiliza unha linguaxe sexista?* Os datos recollidos son os seguintes:




O 46% das persoas enquisadas afirman que se utiliza unha linguaxe non sexista “ás veces”, seguida dun 38% que explicita que en “bastantes ocasións”. Un 15% afirma que “sempre” se utiliza unha linguaxe exenta de sexismo e ninguén afirma que “nunca” ou “case nunca” se empregue. Ao igual que co ítem anterior os datos analizados segundo o sexo non achegan datos diferenciais respecto dos datos xenéricos.

- A terceira pregunta indaga sobre os atrancos que observan para aplicar a linguaxe inclusiva: *Que obstáculos pensas que existen para a utilización dunha linguaxe inclusiva?* Os datos recollidos son os seguintes:



O 31% identifica que o grande atranco que observa á hora de empregar unha linguaxe non sexista é a “falta de formación”, outro 31% sinala a “falta de interese” e o 15% o atribúe á “falta de tempo”. É importante salientar que todas as persoas que responderon incidindo na “falta de interese” como factor que obstaculiza a utilización dunha linguaxe inclusiva son mulleres, ao igual que a resposta “falta de interese” é maioritariamente sinalada por mulleres.

- A cuarta pregunta tenta coñecer se as persoas enquisadas identifican a linguaxe inclusiva: *Desde o teu punto de vista, a utilización nas solicitudes de formas como “datos do interesado” ou “datos do representado” é un exemplo de linguaxe sexista?* Os datos recollidos son os seguintes:



O 54% identifican que nas anteriores expresións agóchase unha mostra de linguaxe sexista, o 46% non.

Neste apartado son moi salientables ás diferenzas nas respostas segundo a variable sexo: O 100% das respostas afirmativas o son de mulleres, mentres que os homes sinalan a resposta negativa nun 100%. Outro dato de interese é que este grupo de mulleres que identifica a utilización do masculino como un falso xenérico, valoran como “moi importante” a utilización dunha linguaxe non sexista.

En conclusión podemos afirmar que:

- Responden á enquisa un maior número de mulleres que de homes.
- As persoas enquisadas, de forma maioritaria, valoran a utilización da linguaxe inclusiva como moi importante.
- Case a totalidade das persoas que responden á enquisa afirman que no seu departamento se utiliza, en algunha medida, unha linguaxe non sexista.
- Os atrancos que observan á hora de empregar unha linguaxe non sexista son fundamentalmente: falta de formación e falta de interese, respostas sinaladas maioritariamente por mulleres.
- Só identifican a utilización dunha linguaxe sexista as mulleres.

DATOS SECUNDARIOS: estudo web e documentos de uso

Os principais datos secundarios analizados proveñen do baleirado da web do Concello de Covelo (www.concellodecovelo.es) efectuada durante os meses de outubro e novembro do 2019 a través do seu mapa web, efectuando 153 capturas de pantalla. Do mesmo modo, foron analizados 16 documentos de uso común entre a cidadanía nas súa relación co concello: instancias, comunicacións, solicitudes, certificados e xustificantes.

Para a súa análise profundamos nos modos e formas de comunicación sexista máis salientables establecendo unha “listaxe de comprobación do uso dunha comunicación inclusiva” a modo de indicadores dun uso non inclusivo da linguaxe, sinalando que para a súa comprobación utilizamos a **regra de inversión** que consiste en substituír os termos masculinos polos correspondentes femininos ou viceversa.

LISTAXE DE COMPROBACIÓN:

A. *Utilización do masculino como **falso xenérico**.*

Uso do masculino como xenérico, baixo a aparencia de englobar a mulleres e homes, obstaculizando o pleno establecemento da igualdade entre mulleres e homes.

B. *Masculinización dos **cargos** e/ou **profesións***

Utilización exclusiva do masculino para nomear profesións e/ou cargos administrativos.

C. *Utilización de **estereotipos de xénero**.*

Ocorre cando a través da escrita mantense a identificación con roles e papeis tradicionalmente asignados a mulleres e homes

Antes de iniciar esta análise cómpre sinalar que a comunicación e a linguaxe son potentes axentes socializadores e nesta medida a linguaxe sexista é axente e é resultado da desigualdade de xénero. As palabras designan realidades e a utilización do masculino como xenérico de todos os seres humanos invisibiliza ao 52% da poboación, produce confusión ao non identificar se estamos a falar dun xénero gramatical ou dos dous (salto semántico), en definitiva, reflicte e reproduce androcentrismo na visión do “Home” como referente e suxeito universal.

No anexo-1- (páxina 16) amosamos as capturas da web obxecto do cadro nas que observamos utilización de linguaxe sexista. As expresións e palabras que visibilizan unha linguaxe androcéntrica son marcadas cunha elipse en cor vermello. Do mesmo modo, sinalamos con elipse azul as formas inclusivas. Operamos do mesmo xeito cos documentos de uso a analizar (anexo-2-, páxina 35)

O cadro que agora se amosa contén: indicadores de uso sexista da linguaxe observados en cada texto; textos sexistas, e; alternativas dende parámetros de linguaxe inclusiva.

Indicar que das 153 capturas da páxina web analizadas un 24% conteñen linguaxe sexista (37). Do mesmo modo dos 16 documentos achegados polo concello 14 inclúen algunha forma de linguaxe sexista (88%)

DOC	INDICADORES DE USOS SEXISTAS			Obs	Texto CON Linguaxe Sexista	Texto SEN Linguaxe Sexista
	Falso xen.	Masculiniz prof/cargos	Estereotop xénero			
1-2-3	x	x			-perfil do contratante	-perfil contratación /perfil contratante
4	x			X	-...repartidos... -...veciños... -...aos seus visitantes.	-...repartida... -...veciñanza... -...con visitantes.
5-10	x			X	- xuntos...	-xuntémonos polo Nadal / xuntas e xuntos polo Nadal / xuntanza no Nadal.
6	x		x		-para tódolos participantes	-para quen participe
7	x				-...que calquera veciño...	-...que a veciñanza...
8	x			X	-...calquera veciño.. -...utilizados por todos... -...nenos e maiores.	-...calquera veciño ou veciña.../...que a veciñanza... -...utilizados... por todos -...menores e maiores
9	x				-...aos nenos/as... -...pais...	-...a menores... / ...á infancia... / ...a nenas e nenos... -...nais e pais...
11	x			X	-Estar empadroado... -Valerse por si mesmo... -...“aqueles”...	-constar no padrón... / estar empadroado ou empadroadas... -ter autonomía persoal... / valerse por unha ou un mesmo... -...“aquelas”...
12	x	x	x		-...concelleiros...	-...concelleiros e concelleiras...
13-15	x				-datos do interesado -datos do representante	-datos persoa interesada -datos representante
14-16	x				-...de informar aos interesados sobre Protección de Datos. -Fun informado... -Destinatarios -...e aos encargados do tratamento... -...datos do solicitante/representante..	-...de informar aos interesados sobre Protección de Datos -Informáronme... -Destino -...e responsables do tratamento... -...datos da persoa solicitante/representante...
17	x				-Para os amantes da natureza	-Para amantes da natureza
18	x				-...vivenda dos caseiros... -...os habitantes...	-...vivenda do e da caseira... -...as e os habitantes... / ...a poboación...
19		x			-...polos cereiros...	-...por cereiros e cereiras...
20	x				-(nenos ata 13 anos)	-(nenas e nenos ata 13 anos) / (menores ata 13 anos)
21	x			X	-...os primeiros poboadores...	-...as primeiras e primeiros poboadores... / ...primeiras persoas en habitar...
22	x	x			-...os habitantes... -...traballadores autónomos... -...dos visitantes... -...residían profesionais liberais: medico, avogado...	-...os e as habitantes... -...traballadoras e traballadores autónomos... -...de visitantes... -...residían persoas con profesións liberais: medicina, avogacía...

					-...dalgúns licenciados... -...veciños... -...devotos... -...a maioría dos que...	-...de persoas licenciadas... -...a veciñanza... -...persoas devotas... / ...devotos e devotas... -...a maioría das persoas...
23	x				-...os nativos...	-...as persoas nativas...
24	x			X	-...polos veciños...	-...pola veciñanza... / ...por veciñas e veciños... / ...por os e as veciñas...
25	x	x			-...lobos... -...arrieiro... -...de gandeiros e campesiños... -...actividades do home... -...os primeiros poboadores... -...dos nosos antepasados...	-...lobos e lobas... -...arrieira e arrieiro... -...de gandería e labranza... -...actividades das persoas... -...os e as primeiras poboadoras... -...de antepasados... / ...dos nosos e nosas antepasadas...
26	x				-...pensada para os que non... -...para os cales gustan da orientación... -...os que prefiren... -...os que queren...	-...pensada para a xente que non... -...para as persoas que gustan da orientación... -...quen prefire... -...quen quere...
27	x			X	-...30 alumnos. -...30 alumnos-traballadores... -...os asistentes...	-...30 alumnos e alumnas. -...30 persoas alumnas-traballadoras... -...persoas asistentes.
28	x				-...dos participantes...	-...das persoas participantes... / ...dos e das participantes...
29	x			X	-...dos seus habitantes... -...os nosos veciños... -...todos os veciños.	-...da poboación... -...a nosa veciñanza... -...veciños e veciñas / ...a veciñanza / ...todos e todas as veciñas
30	x	x			-...dos representantes...	-...de representantes...
31	x				-...para estar informado...	-...para informarte...
32	x				-...nenos e adultos...	-...menores e maiores... / nenos e nenas e persoas maiores...
33	x			X	-...cada un... -...disposto...	-...cada quen... -...esta en disposición...
34	x				-...amigos... -...o dos lagartos...	-...amizades... -...o das ou dos lagartos...
35	x				-...todos os habitantes...	-...todos e todas as habitantes... / ...a xente que habita...
36	x				-...dun destinatario... -...os pequenos...	-...dun ou dunha destinataria... -...pequenas e pequenos...
37	x				-...cos pobres...	-...coas persoas pobres...
A	x				-...por técnico...	-...persoal técnico...
B	x				-sinatura do solicitante...	-...sinatura do solicitante
B1	x				-...polos solicitantes... -...do solicitante... -...asinada polo/a técnico/a director/a das obras... -...por técnico competente. -...por facultativo competente... -...polo/a técnico/a redactor/a do proxecto -...de técnico competente... -...que non está inhabilitado ou incurso...	-...por solicitantes... -...da persoa solicitante... -...asinada pola dirección técnica das obras -...persoal técnico competente. -...por persoal facultativo con competencias... -...polo equipo técnico redactor do proxecto -...de técnica ou técnico competente... -...que non está en situación de inhabilitación ou incompatibilidade
B2	x				-...do solicitante... -...os solicitantes...	-...da persoa solicitante... -...as persoas solicitantes...

C	x				-...dos veciños.	-...da veciñanza.
C1	x				-..polos solicitantes... -...do solicitante... -...por técnico competente -...polo técnico redactor... -...de técnico competente... -...que non está inhabilitado ou incurso... -...do propietario....	-...polas persoas solicitantes... - ...da persoa solicitante... -...por persoal técnico competente... -...polo persoal técnico redactor... -...de técnica ou técnico competente... -...que non está en situación de inhabilitación ou incompatibilidade -...da ou do propietario....
D	x				-..dos veciños. -..o promotor..	-...da veciñanza. -...o promotor ou promotora...
D1	x				-...do solicitante...	-...da persoa solicitante...
D2	x				-...que non está inhabilitado ou incurso... -...os solicitantes...	-...que non está en situación de inhabilitación ou incompatibilidade -...as persoas solicitantes...
D3	x				-destinatarios.	-destino
E	x				-...dos veciños.	-...da veciñanza.
E1	x				-..polos solicitantes... -...do solicitante... -...polo técnico redactor... -...que non está inhabilitado ou incurso... -...por técnico competente....	-...polas persoas solicitantes... - ...da persoa solicitante... -...polo persoal técnico redactor... -...que non está en situación de inhabilitación ou incompatibilidade -...por persoal técnico competente....
E2	x				-...de técnico competente... -..do contratista... -...os solicitantes...	-...de técnica ou técnico competente... -..do ou da contratista... -...as persoas solicitantes...
E3	x				-destinatarios.	-destino
F	x				-...polos solicitantes. -...do solicitante... -..polo técnico director..	-...polas persoas solicitantes. - ...da persoa solicitante... -...polo equipo de dirección técnica..
G	x				-...do solicitante:	-...de solicitante: / da persoa solicitante / do ou da solicitante
H	x				-..dos seus titulares ou usufrutuarios...	-..das persoas titulares ou usufruarias..
H1	x				- Sinatura do solicitante	-Sinatura de solicitante
H2	x				-..a que destinatarios comunicaranse os seus datos? -...o encargado...	-...Destino dos seus datos -...a encargada...
I	x				-...datos do solicitante:	-...datos de solicitante:
L	x				-...datos do solicitante: -...DNI do solicitante:	-...datos de solicitante: -...DNI de solicitante:
L1	x				-...dos músicos.	-...das e dos músicos.
L2	x				-..instalador autorizado... -...polos organizadores...	-...un ou unha instaladora autorizada / persoa con autorización para instalacións... -...polas persoas organizadoras...
L3	x				-...ser o responsable exclusivo	-...ser e responsable exclusivo
L4	x				-datos do solicitante... -Instalador eléctrico autorizado.	-...datos de declarante -...instaladora ou instalador eléctrico autorizado / persoa con autorización para instalacións...
M	x				-..dos contraentes	-...das persoas contraentes / do e da contraente
N	x				-..do adquirente...	-.. de adquirente / de quen adquire / da persoa adquirente...
Ñ	x				-...o solicitante...	-...a persoa solicitante...
O	x				-...o propietario ou arrendatario...	-...a persoa propietaria ou arrendataria...

En referencia ás capturas da web e aos documentos de uso nos que observamos a utilización dunha linguaxe sexista todos utilizan o **masculino como xenérico** na convención segundo a cal o masculino serve tanto para designar ós individuos de sexo masculino como a toda especie humana sen distinción de sexos. Non obstante, hai voces discordantes en forte debate académico, por exemplo o Manual de estilo do Diario Oficial de Galicia considera que o uso do masculino como xénero non marcado contribúe a invisibilizar a presenza das mulleres e considera que os textos institucionais deben evitar os usos discriminatorios.

Respecto dos documentos de uso, dos 16 analizados 14 incorren no uso do masculino como xenérico.

A realidade é que o uso dunha linguaxe inclusiva require de maiores coñecementos lingüísticos, a linguaxe inclusiva non son só os desdobramentos, tamén é preciso contemplar o uso de colectivos, de abstractos, a utilización de metonimias, de perífrases, pronomes sen marca de xénero, omisión de determinantes con marca de xénero, etc..

O uso dunha linguaxe inclusiva enriquece a lingua.

Desde esta perspectiva as suxestións de modificación dos textos atopados inclúen máis dunha forma utilizando diferentes recursos lingüísticos (diferentes formas de desdobramentos, xenéricos, colectivos, pronomes sen marca de xénero...) que melloran os textos. Os textos en cor vermella sinalan a escrita en forma sexista, mentres que os azuis amosan as modificacións dende unha linguaxe inclusiva.

O texto en negro (doc 9) visibiliza un desdobramento non concordante.

A utilización do **masculino como falso xenérico** é a forma máis detectada en todas as capturas analizadas e catalogadas como non inclusivas (37) e nos documentos de uso (14).

En relación ás capturas da web compre sinalar que 9 conteñen a maiores outros tipos de sexismo. Un destes é a **masculinización de cargos**, sinalado nos documentos-capturas nº 1-2-3-12-19-22-25-27-28-30, por razón de utilizar termos relativos a empregos ou postos de responsabilidade vencellados aos homes (contratante, concelleiros, licenciados...) e xerar a dúbida de ser obxecto en exclusiva de homes ou de tódalas persoas. Outra forma de sexismo é a **utilización de estereotipos de xénero**, sinalados nos documentos-capturas nº 6-12 que refiren ideas preconcebidas sobre o comportamento e desempeño diferencial de mulleres e homes. Deportes asociados á forza (documento-captura 6) e cargos políticos (documento-captura 12) son exemplos desta forma de sexismo.

Os documentos-capturas sinaladas en cursiva, nº 19-22-25-27-30, amosan linguaxe sexista sempre e cando nomeen ao colectivo de homes e mulleres. Estes textos refiren profesións (cereiros, traballadores autónomos, médico, gandeiros...), colectivos (alumnos) ou figuras (representantes) que poderían estar constituídas por homes ou por mulleres e homes. No primeiro caso sinalan a historia de Covelo nomeada en masculino, no segundo apuntan ao alumnado dun obradoiro e emprego con especialidades

masculinizadas, e no terceiro caso sinalan cargos públicos que deberían de concordar co sexo das persoas que ostentan os cargos. En calquera dos casos se utilizamos o xénero gramatical dunha forma diferencial en todos os textos poderíamos resolver esta dúbida, o que é unha proba da confusión que xenera a utilización do masculino como xenérico.

Compre destacar casuísticas como as analizadas nos documentos-capturas nº 4 e 6 nas que apreciamos unha falta de **concordancia gramatical**. “Repartidos” refírese a “poboación” polo que a concordancia é coa palabra “repartida”, este erro ven determinado pola falsa concordancia con “habitantes” palabra sen marca de xénero pero á que o imaxinario proporciona un valor masculino. “Aqueles” é un demostrativo masculino referido a un substantivo feminino (persoas), o que sinala que aínda cando hai un esforzo por utilizar unha linguaxe exenta de sexismo (persoas) o ideario é masculino de aí a utilización de “aqueles” no simbólico de homes.

Para finalizar, indicar que a táboa contén unha columna de “observacións” na que sinalamos cunha “X” os documentos-capturas nos que existe palabras/expresións que amosan linguaxe inclusiva (poboación, persoas, veciños e veciñas, xente...). Non obstante, en ocasións o termo “persoa” é utilizado de forma reiterativa, o que demostra a intención de utilizar unha linguaxe non sexista, pero a dificultade de atopar outros recursos lingüísticos (documento-captura nº 33)

En referencia aos documentos de uso analizados, a linguaxe sexista detectada refírese á utilización de substantivos masculinos dirixidos a toda a cidadanía de Covelo (o técnico, o solicitante, o director, os veciños, o encargado, os organizadores, etc.). A modificación neste tipo de linguaxe realízase a través da utilización de colectivos (persoa), metonímias (o persoal), perífrases (o persoal técnico), omisión de determinantes con marca de xénero (~~de~~), etc. No caso dos documentos de uso tamén observamos falta de concordancia gramatical no documento H2 ao utilizar a palabra “encargado” cando está referida á palabra “persoa”.

Non obstante, a través dos documentos de uso analizados observamos un marcado interese por utilizar unha linguaxe exenta de elementos sexistas: a modo de uso común da expresión “persoa solicitante” nos encabezados das instancias, na utilización do desdoblamento do artigo (do/da) nas firmas e no texto (polo/a técnico/a redactor/a), etc.


Estes desdobramentos amosan o interese no uso dunha linguaxe inclusiva pero poden resultar abusivos e de difícil lectura, acadando unha visibilización do termo masculino por ser o que compón a palabra escrita. Propoñemos a utilización doutras fórmulas como as que comentamos nos parágrafos anteriores para proporcionar fluidez aos textos.

CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS


En liñas xerais, do estudo da páxina web do Concello de Covelo, dos documentos de uso da cidadanía e da opinión das persoas enquisadas, podemos concluír que:

- Existe maior nivel de identificación e implicación a favor do uso dunha linguaxe exenta de sexismo por parte do colectivo de mulleres.
- Os atrancos explicitados á hora de empregar unha linguaxe non sexista son maioritariamente a falta de formación e falta de interese.
- O 24% das capturas da web do concello de Covelo amosa unha escrita sexista.
- O 88% dos documentos de uso coa cidadanía están redactados en linguaxe sexista.
- A forma máis reiterada de uso sexista é a utilización do masculino como falso xenérico.
- Apréciase un esforzo na utilización dunha comunicación inclusiva no uso de xenéricos, colectivos e desdobramentos. Non obstante, ás veces, conducen a falta de concordancia gramatical e abuso dos desdobramentos.
- Cómpre reflexionar sobre a necesidade de mudar os usos na linguaxe enfatizando o papel responsabel e exemplarizante da Administración local.


ANEXO -1-capturas web




1




2



3



4



Concello de Covoelo

Concello

- Presentación
- Axenda**
- Notas
- Contacto
- Directorio Telefónico
- Organización
- Educación
- Aviso legal

Axenda

16/11/2019
[Xornada informativa e benéfica sobre o cancro de mama.](#)
O sábado 16 de novembro co seguinte programa: 11.30 h. Charra informativa sobre a prevención e detección. 12.30 h. Saída a carnicaría popular solidaria tenda a praza do Concello de Covoelo ata a Herminia. 14.00 h. Comida benéfica.

09/11/2019
[Música e Saramiñ Covoelo 2019](#)
O sábado 9 de novembro as 19.30 h. nos baixos do Pavillón Municipal

06/11/2019
[Consulta e participación cidadá no anteproyecto da obra de "Acondicionamento da Praza de Maceira".](#)
Poderanse aportar ideas acerca da definición de usos alternativos dos espazos, materiais de execución, cores, ordenación de mobiliario urbano ou calquera outra que considere necesaria para a mellora da actuación.


06/11/2019
[Xornadas contra a violencia de xénero. "Medios de comunicación e publicidade."](#)
Mércores 6 de novembro, as 10:10 h. no Auditorio Municipal de Covoelo.

25/10/2019
[Propoñer Xuntos polo Nadal 2019](#)
Prazo para a presentación ata o 15 de novembro de 2019

[799 noticias - Páxina 1 de 160] [1] [2] [3] [4] [5] [6] [siguientes]

[INICIO](#) [CONCELLO](#) [SERVIZOS](#) [POBO](#) [ACTIVIDADES](#)
[Contacto](#) [Presentación](#) [Enlaces](#) [Qué visitar](#) [Empresas](#)
[Facebook](#) [Axenda](#) [Descarga de instancia e formularios](#) [Cofeice Covoelo](#) [Polígono](#)
[YouTube](#) [Notas](#) [Sede electrónica](#) [Localización](#) [Obradoiro de emprego](#)
[Diarios](#) [Concello](#) [Partido de coñectante](#) [Liberar regulares de webdcr](#) [Axenda Local 311](#)
[RSS](#) [Directorio Telefónico](#) [Líñas regulares de autobús](#) [Río Tes: Espazo natural protexido](#) [Noticias de sustentabilidade](#)
[Organización](#) [Educación](#) [EMAS](#)

5



Concello de Covoelo

Concello

- Inicio
- Concello**
- Servizos
- Pobo
- Actividades

Concello

- Presentación
- Axenda**
- Notas
- Contacto
- Directorio Telefónico
- Organización
- Educación
- Aviso legal

Axenda

06/09/2019
[Axudas de apoio á natalidade para libros de texto e material escolar.](#)
Prazos de solicitude:
Libros e material escolar ata o xoves 26 de setembro 2019.
Axudas de apoio á natalidade ata o 1 de decembro de 2019.

04/09/2019
[Técnicos Libros: Obradoiro de Binterrogia](#)
Tódolos venres dende o 27 de setembro ao 25 de outubro de 16.30 a 19.30
Prazo de inscrición: Ata o 20 de setembro no Concello de Covoelo (ata cubrir prazas: máximo 30 persoas).

03/09/2019
[IX Mostra de Produtos de Covoelo 2019](#)
Achégate o venres 6 setembro!!

17/08/2019
[Festa da Bicicleta 2019](#)
O sábado 17 de agosto as 19.30 h. Agasallos **para tódolos participantes!!**

10/08/2019
[Copa de Verán 2019](#)
Sábado 10 de agosto, as 22.00 h. na Praza do Mestre Cerviño.

[799 noticias - Páxina 5 de 160] [anterior] [1] [2] [3] [4] [5] [6] [7] [8] [9] [10] [siguientes]

[INICIO](#) [CONCELLO](#) [SERVIZOS](#) [POBO](#) [ACTIVIDADES](#)
[Contacto](#) [Presentación](#) [Enlaces](#) [Qué visitar](#) [Empresas](#)
[Facebook](#) [Axenda](#) [Descarga de instancia e formularios](#) [Cofeice Covoelo](#) [Polígono](#)
[YouTube](#) [Notas](#) [Sede electrónica](#) [Localización](#) [Obradoiro de emprego](#)
[Diarios](#) [Concello](#) [Partido de coñectante](#) [Liberar regulares de webdcr](#) [Axenda Local 311](#)
[RSS](#) [Directorio Telefónico](#) [Líñas regulares de autobús](#) [Río Tes: Espazo natural protexido](#) [Noticias de sustentabilidade](#)
[Organización](#) [Educación](#) [EMAS](#)

6



Concello de Covelo

Axenda

Consulta e participación cidadá no anteproxecto da obra de "Acondicionamento da Praza de Maceira".
- 06/11/2019 -

Poderanse aportar ideas acerca da definición de usos alternativos dos espazos, materiais de execución, cores, ordenación de mobiliario urbano ou calquera outra que considere necesaria para a mellora da actuación.


PARTICIPACIÓN VECIÑAL NO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE MACEIRA

O Concello de Covelo ven de redactar o anteproxecto de Acondicionamento da nova Praza de Maceira que se pretende realizar con cargo aos próximos orzamentos de obras do ano 2020.

Antes da aprobación definitiva de dito proxecto, a través da sección de Participación "Covelo falo ti" da páxina web do Concello, poderase consultar o anteproxecto de obra de Acondicionamento da Praza de Maceira de forma que calquera veciño poderá achegar ideas a preto da definición de usos alternativos dos espazos, materiais de execución, cores, ordenación de mobiliario urbano ou calquera outra achega que considere necesaria.

Pode participar [aquí](#)

7



Concello de Covelo

Proxecto de participación

Acondicionamento da Praza de Maceira

Categoría: Participación en proxectos de obras

Descrición: Consulta e participación no anteproxecto da obra de "Acondicionamento da Praza de Maceira" de forma que calquera veciño poderá aportar ideas acerca da definición de usos alternativos dos espazos, materiais de execución, cores, ordenación de mobiliario urbano ou calquera outra aportación que considere necesaria.

Contenido:

PARTICIPACIÓN VECIÑAL NO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DA PRAZA DE MACEIRA

O Concello de Covelo ven de redactar o ante proxecto de **Acondicionamento da nova Praza de Maceira** que se pretende realizar con cargo aos vindeiros presupostos de obras do ano 2020.

Antes da aprobación definitiva de dito proxecto, a través da sección de Participación "Covelo falo ti" da páxina web do concello, poderase consultar o anteproxecto de obra de **Acondicionamento da Praza de Maceira** de forma que calquera veciño poderá aportar ideas a cerca da definición de usos alternativos dos espazos, materiais de execución, cores, ordenación de mobiliario urbano ou calquera outra aportación que considere necesaria.

Mediante este proceso de participación, dende o concello preténdese facer partícipes aos veciños e veciñas nos procesos de renovación de espazos públicos que son utilizados por todos, fomentando un mecanismo participativo, sostible e integrador que favoreza o uso para as persoas.

As actuacións propostas contemplan a combinación de materiais nobres como pedra e madeira con outros mais modernos como aceiros ou cementsos pulidos e coloreados, mellora da accesibilidade para persoas dependentes, ocultación de contedores e renovación de mobiliario urbano nunha nova concepción dos espazos mais orientada á integración e o uso peonil de nenos e nenas.

Unha vez definido o proxecto, os veciños e veciñas do concello comprométese a incluílo en futuros presupostos de obras e a buscar financiación ante outras administracións ao longo do 2020.

Pode consultar o anteproxecto de Acondicionamento da Praza de Maceira [aquí](#)

Infografías orientativas do resultado proposto:

8


Caixa de entrada - rosa.faraldo | Correo - - - Correo Básico | Concello de Covelo

www.concellodecovelo.es/?sec=6&id_noticia=948


I Jornadas contra a violencia de xénero. "Medios de comunicación e publicidade."
- 06/11/2019 -

Mércores 6 de novembro, as 10:10 h. no Auditorio Municipal de Covelo.

Especialmente dirixido a **os nenos/as** do CEIP de Covelo e aberto a **país** a tódolos públicos.



I XORNADAS CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO
GDR CONDADO PARADANTA
"MEDIOS DE COMUNICACIÓN E PUBLICIDADE"
6 de novembro - 10:10h - 11:45h
Auditorio Municipal Covelo



XUNTA | aGader

13:13 20/11/2019


9

Caixa de entrada - rosa.faraldo | Correo - - - Correo Básico | Concello de Covelo

www.concellodecovelo.es/?sec=6&id_noticia=946


Programa "Xuntos polo Nadal 2019"
- 25/10/2019 -

Prazo para a presentación ata o 15 de novembro de 2019



Concello de Covelo

ANUNCIO



PROGRAMA "XUNTOS POLO NADAL 2019"

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade organiza o programa "**Xuntos polo Nadal**", dirixido a **persoas maiores** que se atopan soas nestas datas.

O programa vaise desenvolver dende o día **23 de decembro de 2019 ata o 7 de xaneiro de 2020**, e comprende os seguintes servizos:


- ✓ Estancia na residencia durante **16 días** (15 noites). Residencia de Tempo Libre do Carballiño (Ourense), Panxón en Nigrán (Pontevedra) e Lugo.
- ✓ Aloxamento en habitacións compartidas e manutención en réxime de pensión completa.
- ✓ Actividades de animación sociocultural.
- ✓ Desprazamento en autobús dende os lugares que se establezan nas localidades que corresponde (Santiago, A Coruña, Ferrol, Pontevedra, Vigo, Lugo, ...)

13:15 20/11/2019

10

Queixas e Suxestións - 1.pdf - Adobe Reader

El archivo requiere el cumplimiento del estándar PDF/A y se ha abierto en modo de solo lectura para evitar que se modifique. Activar edición



CONCELLO DE COVELO

DIR 3 da Entidade: L01360139
Código SIA do Procedemento: 1525035

Queixas e Suxestións

Datos do interesado

Tipo de persona NIF/CIF

Nome Primeiro apelido Segundo apelido

(só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(só se Tipo de persoa = Xurídica)

Datos do representante

Tipo de persona NIF/CIF

Nome Primeiro apelido Segundo apelido

(só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(só se Tipo de persoa = Xurídica)

Poder de representación que ostenta

Nome do Convenio

(só se Poder de representación que ostenta = Estou adherido a un convenio con esta administración para representar ao interesado)

Inicio Sede Electrónica de C... xxxxxxxxxxxx11servizos... 11Descargas Queixas e Suxestións... ES Búsqueda en el escan 16:30

13

Queixas e Suxestións - 1.pdf - Adobe Reader

El archivo requiere el cumplimiento del estándar PDF/A y se ha abierto en modo de solo lectura para evitar que se modifique. Activar edición

Documentación Obligatoria

Datos de Identificación

Consentimento e Deber de Información aos Interesados sobre Protección de Datos

Informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable Concello de Covelo

Finalidade Trámites procedementos e actuacións administrativas.

Lei/Ordeación Cumplimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios Cederemos datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas **Encargados de** Estamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <http://covelo.sedelectronica.es/privac>

Firma

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice con **os datos do solicitante** presente a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

Municipio Data

En o

(dd/mm/aaaa)

Inicio Sede Electrónica de C... xxxxxxxxxxxx11servizos... 11Descargas Queixas e Suxestións... ES Búsqueda en el escan 16:31

14

Instancia Xeral.pdf - Adobe Reader

El archivo requiere el cumplimiento del estándar PDF/A y se ha abierto en modo de solo lectura para evitar que se modifique.

CONCELLO DE COVELO

DIR 3 da Entidade: L01360139
Código SIA do Procedemento: 1525177

Instancia Xeral

Dato **no interesado**

Tipo de persona NIF/CIF

Nome Primeiro apelido Segundo apelido

(Só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(Só se Tipo de persoa = Xurídica)

Casos do representante

Tipo de persona NIF/CIF

Nome Primeiro apelido Segundo apelido

(Só se Tipo de persoa = Física)

Razón Social

(Só se Tipo de persoa = Xurídica)

Poder de representación que ostenta

Nome do Convenio

Inicio Sede Electrónica de C... xxxxxxxxxxx11servizos... 11Descargas Instancia Xeral.pdf - ... ES Búsqueda en el escritorio 16:32

15

Instancia Xeral.pdf - Adobe Reader

El archivo requiere el cumplimiento del estándar PDF/A y se ha abierto en modo de solo lectura para evitar que se modifique.

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

Non informado ou se esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas

Información básica sobre protección de datos

Responsable Concello de Covelo

Finalidade Tratar procedementos e actuacións administrativas.

Legitimación Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos outorgados a esta Entidade.

Destinatarios Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e **Encargados** Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.

Dereitos Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.

Información Adicional Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos na seguinte dirección <http://covelo.sedelectronica.es/privacy>

Firma

PRESTA O SEU CONSENTIMENTO para que a entidade realice consultas dos **datos do solicitante** representante a través da Plataforma de Intermediación de Datos e outros servizos interoperables

Firma

En Municipio .o Data (dd/mm/aaaa)

Inicio Sede Electrónica de C... xxxxxxxxxxx11servizos... 11Descargas Instancia Xeral.pdf - ... ES Búsqueda en el escritorio 16:33

16



Archivo Editor Ver Histórico Marcadores Herramientas Ayuda

Caixa de entrada - rosa.faral... Correo - - - - Correo Básico Concello de Covelo

www.concellodecovelo.es/?sec=27

Buscar

so para ver como interactua...

cultural

Arquivo Municipal de fotos históricas

Favum, o lugar da cera. O Centro de Interpretación da Ceraría de Parafíos. Durante séculos os coveiros de Covelo elaboraron velas, exvotos e bloques de cera amarela e branca, que os levou a unha especialización aínda visible hoxe no numeroso legado etnográfico relacionado coa ceraría. [O Favum](#) é un exemplo representativo que pode vostede visitar.

RMR - Rutas de sendeirismo: Covelo é o sitio ideal para rutas, miradoiros naturais de situación extraordinaria, prados verdes, bosques autótonos, fervezas, regatos, paraxes naturais de bondadosa beleza... Estas características particulares convérteno nun lugar ideal para todo o que signifique práctica de turismo verde. O Concello de Covelo conta cō RMR. A Rede Municipal de Roteiros é una plataforma dixital que reúne a información técnica dos roteiros dependentes do Concello e das que dependen das Comunidades de Montes Veciñais en Man Común (CMVCM). Nesta páxina e no seguinte enlace poderá atopar toda a información necesaria para recorrer estes sendeiros. Algunhas delas [Audioguías Rutas MP3](#).

RMR REDE MUNICIPAL DE ROTEIROS CONCELLO DE COVELO

ROTEIRO DA POZA PINEIRO
ROTEIRO AQA
ROTEIRO DOS CARRANOS PRG95
ROTEIRO DO ALÉN E BARCIA DE MERA

ROTEIROS DAS COMUNIDADES DE MONTES VECIÑAIS
ROTEIRO DO XABRINA PRG19
ROTEIRO DA PEDRA DO LOBO
ROTEIRO DA FORCA DO LOBO PRG31
ROTEIRO DOS MUÍÑOS DO RÍO BO
ROTEIRO CAMIÑO DAS ESTRELAS

Rutas de BTT (Mountain Bike): Duas rutas propostas a través dunha aplicación para dispositivos móbiles que lle permitirán recorrer a Serra do Suido e o Val de Tielas, así como as paraxes de Fontefría. Pode encontrar toda a información en este [enlace](#).

Para os amantes da natureza as serras do Faro e Suido, os ríos Alén e Tea, os seus afluentes e as súas fragas, son os valores que máis poden satisfacerles.


Dispón de [diversas posibilidades de aloxamento](#) entre as que podemos resaltar o [Camping de Maceira](#) de recente apertura, a tradicional [Casa Costa](#) e a [Rectoral de Fofe](#), exemplo de casa rural, que se levanta sobre as ruínas da orixinal casa do cura, construída no século XVII. A torre e o muro de cierre do patio construíronse segundo a inscrición que figura no paramento exterior da torre, no ano 1830.

Casa Museo Pazo da Cruz este conxunto atópase na Hermida e constitúe un dos mellores exemplos da arquitectura

Inicio Concello de Covelo - POBO 16poboquevisitar.doc...

ES Búsqueda en el sitio 18:22

17



Archivo Editor Ver Histórico Marcadores Herramientas Ayuda

Caixa de entrada - rosa.faral... Correo - - - - Correo Básico Concello de Covelo

www.concellodecovelo.es/?sec=27

Buscar

cura, construída no século XVII. A torre e o muro de cierre do patio construíronse segundo a inscrición que figura no paramento exterior da torre, no ano 1830.

Casa Museo Pazo da Cruz este conxunto atópase na Hermida e constitúe un dos mellores exemplos da arquitectura tradicional da comarca e é un expoñente da Casa Grande (casa solariega) galega do século XVII que conserva todos os elementos propios desa época. Portón de entrada con cruz e pináculos, patio empedrado con fonte (auga no interior, privilexio do clero e a nobreza, en outra época) vivenda principal, **venda dos caseiros**, escaleras de pedra, cociña antiga con forno de pedra, "lareira", "Alacenas" chan e paredes de pedra, mobleiros con chans e divisións de madeira, cuadras, cobertizos, hórreo... Para máis información: <http://www.casamuseopazodacruz.com>

Casa Museo Leónides nome que toma da familia propietaria desta vivenda tradicional en A Graña Covelo. O actual museo foi na súa orixe a casa familiar dos Leónides e agora foi cedida pola familia. A vivenda pretende reflectir coa máxima fidelidade como **viven os habitantes** o Graña ós que se lle atribue unha orixe xudea-conversa. A Casa é semellante ás tradicionais **pallozas galegas** e ten máis de trescentos anos de antigüidade. É a única que se conserva na actualidade nesta parroquia covelense. <http://www.fernandezsandin.com>

CASA MUSEO PAZO DA CRUZ

▶ INICIO
 ▶ Contacto
 ▶ Facebook
 ▶ YouTube
 ▶ Galería
 ▶ RSS

▶ CONCELLO
 ▶ Presentación
 ▶ Avenda
 ▶ Novas
 ▶ Contacto
 ▶ Directorio Telefónico
 ▶ Organización
 ▶ Educación
 [+]

▶ SERVICIOS
 ▶ Enlaces
 ▶ Descarga de instancias e formularios
 ▶ Sede electrónica
 ▶ Perfil do contratante
 ▶ Liñas regulares de autobús
 ▶ Planesamento urbanístico municipal
 ▶ Ordenanzas municipais
 [+]

▶ POBO
 ▶ Qué visitar
 ▶ Cofeice Covelo
 ▶ Localización
 ▶ Liñas regulares de autobús
 ▶ Río Tea: Espazo natural protexido
 ▶ RMR - Rutas de sendeirismo
 ▶ Rutas BTT (Mountain Bike) por el Municipio de Covelo


▶ ACTIVIDADES
 ▶ Empresas
 ▶ Polígono
 ▶ Obradoiro de emprego
 ▶ Avenda Local XXI
 ▶ Núcleo de sostibilidade
 ▶ Asociacións
 ▶ EMAS
 [+]

▶ Español
 ▶ English

Inicio Concello de Covelo - POBO 16poboquevisitar.doc...

ES Búsqueda en el sitio 18:23

18



Concello de Covello

Pobo

Qué visitar
Coiñece Covello
Localización
Liñas regulares de autobúis
Río Tea: Espazo natural protexido
RMR - Rutas de senderismo
Rutas BTT (Mountain Bike) por el Municipio de Covello
Arte e cultura. Patrimonio histórico
Festas e romerías
Natureza
Gastronomía
Aloxamento
Videoteca
Historia
Patrimonio etnográfico
gandeiro da Serra do Suido
Proxectos de recuperación do patrimonio natural e cultural
Arquivo Municipal de fotos históricas

Coiñece Covello

Achégate a Covello a través das súas parroquias. Coiñeceas todas e descubre todo o que teñen que ofrecer.

[Santa Mariña de Covello](#) | [Paraños](#) | [Covello](#) | [Casteláns](#) | [Maceira](#) | [Prado](#) | [A Lamosa](#)
[Barcia de Mera](#) | [Campo](#) | [Prado de Candia](#) | [Piñeiro](#) | [Godóns](#) | [Fefe](#) | [A Graña](#)

Paraños - [Ver fotos](#)

Está situada a ámbolos dous lados da Nacional -120 e nela atópase o acceso á autovía Rías Baixas . Tamén se atopa o acceso principal por estrada ao resto do municipio.

Podemos atopar diversas manifestacións do patrimonio artístico e etnográfico: [O cruceiro, petos de ánimas](#) , un pombal circular, a igrexa do século XVIII, [diversos hórreos realizados integramente en pedra e restos de útiles e lugares usados polo cereiros](#) , son algunhas delas.


Recentemente foi rehabilitada unha antiga casa de labranza para construír a casa de cultura onde se realizan diversas actividades ao longo do ano e funcionando ademais como axencia de lectura. Para a práctica deportiva dispónse dun campo de fútbol e unha pista de usos múltiples.

Os seus barrios e lugares son: **Os Condes, Cotarel , Ás Laxas, A Margarida , Ás Medelas , Moeiros , Picoto , Portocortiñas , O Quinteiro , O Roupeiro .**

